

	IES MARÍA CASARES. Departamento de Biología e Xeoloxía			2024-2025
	MATERIA	BIOLOXÍA		
	CURSO	2º BACH	HORAS SEMANAIS	4

### BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA

A Biología de 2º de bacharelato proporciona ao alumnado unha formación científica relativamente avanzada a través dos coñecementos e as destrezas esenciais para o traballo científico e a aprendizaxe ao longo da vida, o que sentará as bases para o inicio de estudos superiores ou para a incorporación ao mundo laboral. O alumnado profundizará nos mecanismos de funcionamento dos seres vivos e da natureza no seu conxunto; isto permitiralle comprender a situación crítica na que se atopa a humanidade actualmente e a necesidade urxente de adoptar un modelo de desenvolvemento sostible; ademais, transmitirase a importancia dos estilos de vida saudables como forma de compromiso cidadán polo ben común, relacionando a sostibilidade coa saúde humana.

### CONTIDOS

Os coñecementos da materia están recollidos nos seguintes seis bloques de contidos: «A base molecular da materia viva»; «Xenética molecular», «A célula», «Metabolismo celular», «Os microorganismos e formas acelulares», «Biotecnoloxía» e «Inmunoloxía».

### METODOLOXÍA

Empregarase unha metodoloxía activa que potencie a ensinanza construtivista. As estratexias metodolóxicas principais serán as seguintes: exposicións do profesorado sobre o tema usando presentacións e o libro de texto, uso de libreta de aula e de prácticas de laboratorio, visualización de vídeos didácticos, exposicións orais, de xeito individual ou en grupo, realización de Proxectos e saídas ao medio con exploración activa da realidade.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais	90%
Outros instrumentos de avaliación	10%
<b>TOTAL AVALIACIÓN</b>	<b>100%</b>
<b>NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA</b> A nota de Xuño será a media da nota obtida nas tres avaliacións.	
<b>AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA</b> A nota será a dunha proba global extraordinaria da materia.	

### VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

Esta é unha materia da modalidade de Ciencias dirixida a aqueles alumnos interesados en estudos superiores relacionados coa Medicina, Enfermería, Veterinaria, Biología, Industria Agroalimentaria, Biotecnoloxía, Bioenxeñaría, Enxeñaría Agrónoma...

Se desexas máis información podes acceder a través da páxina do IES María Casares aos requisitos de acceso dá calquera grao no que teñas interese. Debes seguir o seguinte itinerario: *IES María Casares / Departamento de Orientación / Orientación / Universidade / Graos / Entrar na rama de coñecemento de interese / Requisito de acceso.*